

---

## CARTAS DESDE A TERRA

Texto de MARK TWAIN

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Deseño de MARC TAEGER

---

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 80 páx. 10 €

ISBN 978-84-15250-26-5. Faktoría K de Libros. Narrativa K.

*...Satán dedicárase a facer comentarios de admiración sobre algúns dos brillantes traballos do Creador, uns comentarios que, lendo entre liñas, resultaban ser sarcasmos.*

*Expresárallelos en privado aos seus amigos de confianza, os outros arcanxos, mais outros anxos inferiores escoitáranos e foran dar parte ao cuartel xeral.*

*Foi condenado a un desterro durante un día, un día celestial. Xa estaba afeito a tales castigos por culpa daquela lingua tan lixeira que tiña. Outrora xa o deportaran ao espazo, á falta doutro sitio a onde mandalo, e alí quedara a voar tediosamente no medio da noite eterna e o frío xélido. Mais desta volta ocorréuselle ir máis aló e buscar a Terra por ver como se desenvolvía o experimento da raza humana.*

*Non tardou en escribirlles cartas sobre o asunto (da maneira máis confidencial) aos santos Miguel e Gabriel...*

“Cartas desde a Terra” é unha das obras de Mark Twain publicadas moito despois da morte do autor, exactamente en 1962, máis de cincuenta anos despois do pasamento do escritor. O crítico e historiador Bernard de Voto editou os textos en 1939 e deulles forma de libro, pero a filla de Mark Twain, Clara Clemens, prohibiu durante varias décadas a publicación da obra, quizais por considerala demasiado crítica co cristianismo.

Deus condena a Satán a pasar un día celestial na Terra por mor duns comentarios irónicos sobre a súa obra que o arcanxo espallou entre os seus compañeiros. Ao chegar a este planeta, Satán deseguida comeza a escribirlles cartas aos seus amigos Gabriel e Miguel, nas que lles comenta os avatares da humanidade, as súas crenzas e a súa relación co Creador. Cun estilo ameno, directo e irónico, Mark Twain mostra as contradicións do home perante o feito relixioso e cuestiona ata a mesmísima figura da Divindade.



- 
- **Temática:** novela protagonizada por Satán sobre unha visita que realiza á Terra.
  - **Idade recomendada:** lectores adultos.
  - **Aspectos destacables:** narración directa e irónica, de lectura amena; filosofía, crenzas progresistas, sobre o feito relixioso e a existencia de Deus; crítica social.
- 

### Mark Twain

(Florida, 1835 – Connecticut, 1910)

Samuel Langhorne Clemens, máis coñecido polo pseudónimo de Mark Twain, naceu en Florida (Missouri, Estados Unidos). Cando tiña catro anos, a súa familia mudouse a Hannibal, un porto fluvial do río Mississippi. Á morte do seu pai, Mark Twain tivo que deixar os estudos e comezou a traballar de aprendiz nunha imprenta. Aos dezaseis anos xa era tipógrafo no xornal *Hannibal Journal*, propiedade do seu irmán máis vello, Orion, e no que publicou os seus primeiros artigos xornalísticos. Dous anos despois comezou a súa xeira por imprentas de diferentes cidades, como Nova York e Filadelfia. Máis adiante traballou de piloto nun barco de vapor do río Mississippi, unha experiencia que lle deixou unha fonda pegada; logo foi mineiro en Nevada, soldado da Confederación e, por fin, xornalista. Mark Twain é un dos grandes autores da literatura norteamericana. Na súa escrita combínanse o humor e a sátira coa crítica social e a descrición realista do mundo no que viviu. As súas obras máis recoñecidas son “As aventuras de Tom Sawyer” (1876), “As aventuras de Huckleberry Finn” (1884), considerada como a «gran novela norteamericana», e “Un ianqui na corte do rei Artur” (1889). As súas ideas políticas, de corte progresista, fixéronse máis radicais co paso do tempo e apareceron reflectidas en “Cartas desde a Terra”, publicada postumamente en 1962.